



BOP

VIERNES, 11 DE JUNIO DE 2010

Nº 131

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org

www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo

Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 25 de maio de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Pol. (Nº expte: IN407A 2009/68-2-7536-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: PROMOCIONES PENAMAIOR, S.L.
- Domicilio social: LUACES, MOSTEIRO, 27270, POL, LUGO.
- Denominación: CT DE 250 KVA E LMTS PARA SUMINISTRO A UN EDIFICIO DE VIVENDAS.
- Situación: CONCELLO DE POL.
- Características técnicas:
 - LMTS a 20 kv con orixe nunha arqueta ubicada na R/. Castelao, a liña provén dun paso aéreo a soterrado, entra e sae no CT proxectado e remata no CT Mosteiro (12.997), cunha lonxitude de 309 metros en conductor RHZ1-150 soterrado baixo tubo en dobre circuito, quedando así anelado o CT proxectado.
 - CT en edificio non prefabricado, cunha potencia de 250 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos

polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 25 de maio de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 03026

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

AUGAS DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Información pública

Anuncio

CLAVE: DH.W27.05540.

O Servizo de Conservación da Natureza (Consellería do Medio Rural) con CIF S1511001H e con enderezo en Ronda Muralla, 70 baixo 2, 27071 Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de demolición e retirada da presa Pozo do Capitán e acondicionamento da área afectada, no río Masma (coord. U.T.M. USO 29 X=638460 Y=4818138) no lugar de Rexa, parroquia de Santa María no Concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na Ronda Muralla, 70 - 2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 31 de maio de 2010.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 02961

*Información pública**Anuncio*

CLAVE: DH.W27.05539.

O Servizo de Conservación da Natureza (Consellería do Medio Rural) con CIF S1511001H e con enderezo en Ronda Muralla, 70 baixo 2, 27071 Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de construción dunha pasarela peonil no río Ulla comunicando os Concellos de Palas de Rei e Antas de Ulla no punto definido polas coordenadas UTM (USO:29) X=585425 e Y=4743461 (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na Ronda Muralla, 70-2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexa.

Lugo, 31 de maio de 2010.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 02962

Excma. Deputación Provincial

CONVOCATORIA CURSOS PLAN INTERADMINISTRATIVO INAP-DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ANO 2010.

Asinándose o 18 de xaneiro de 1997 o convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Administracións Públicas e a Deputación Provincial de Lugo para a realización en Lugo de accións formativas para o persoal ó servizo das Corporacións Locais. Asinándose, asemade, o 21 de marzo de 1997 o convenio de colaboración en materia de formación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Lugo, e á vista da Resolución de 18 de maio de 2010 do INAP, pola que se convocan cursos incluídos no plan de Formación en Administración Local para o ano 2010 en execución descentralizada, esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 de 21 de abril,

RESOLVE:

1º.- Ordena-la publicación no Boletín Oficial da Provincia da Resolución do INAP de 18 de maio de 2010 no referido á convocatoria dos cursos:

XESTIÓN DE AXUDAS PARA ENTIDADES LOCAIS FINANCIADAS CON FONDOS COMUNITARIOS.

2º.- Autorizar ó Servizo de Formación a realiza-los trámites necesarios para desenvolve-lo acordo ao que se chegou co Centro de Estudos Locais e Territoriais do Instituto Nacional de Administración Pública.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no ANEXO desta convocatoria. Os citados cursos desenvolveranse de acordo coas seguintes bases:

1. Solicitudes.- Os interesados en asistir ós cursos deberán solicitálos a través da inscrición telemática que se encontra na páxina web do INAP <http://www.inap.es>

O envío da solicitude telemática debidamente cumprimentada supón a aceptación expresa das bases, normas e procedementos que rexen cada un dos cursos.

2. Requisitos dos participantes.- Poderán solicitar a asistencia a estes cursos o persoal ó servizo das Corporacións Locais que cumpran os requisitos esixidos no apartado de destinatarios de cada un dos cursos.

3. Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes rematará vintecinco días naturais antes do comezo das accións formativas.

4. Selección.- O Centro de Estudos Locais e Territoriais seleccionará, entre as solicitudes que cumpran os requisitos, os asistentes atendendo ao perfil dos candidatos en relación cos obxectivos do curso, e a proposta das Entidades colaboradoras.

Dacordo coas previsións do Plano de Igualdade de xénero na Administración Xeral do Estado, nos cursos de formación de directivos, reservarase ao menos un 40% das prazas a mulleres, que reúnan os requisitos establecidos.

O Real Decreto 2.271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, aproba a aplicación de distintas medidas que teñen por obxecto favorecer a integración das persoas con discapacidade, mediante a facilidade de acceso á formación destas persoas. Por este motivo, na selección de participantes aos cursos formativos, facilitarase a participación a quenes se atopen afectados por unha discapacidade cuxo grao de minusvalía sexa igual ou superior ó 33%.

5. Información adicional.- Poderase solicitar información adicional chamando aos números de teléfono 982 260 065 e 982 260 035, do Servizo de Formación da Deputación de Lugo.

6. Réxime de asistencia.- Os/as alumnos/as haberán de asistir con regularidade ao curso. Unha inasistencia superior ao 10 por 100 no cómputo total de horas lectivas programadas imposibilitará a expedición da certificación establecida no anexo e dará lugar á baixa no curso, con perda de todos os dereitos.

7. Valoración dos cursos.- Para os efectos previstos no artigo 1, apartado D), da Orde de 10 de agosto de 1994, pola que se dictan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co establecido na Resolución do Instituto Nacional de Administración Pública de 26 de outubro de 1994 (Boletín Oficial do Estado de 8 de novembro), a valoración é a sinalada no anexo para cada curso.

ANEXO

CURSO: "XESTIÓN DE AXUDAS PARA ENTIDADES LOCAIS FINANCIADAS CON FONDOS COMUNITARIOS".

Identificación do curso: FL10-2005.

Datas realización: Do 25 ao 29 de outubro de 2010.

Obxectivos: Exame práctico da normativa e documentación da Unión Europea sobre a tramitación de proxectos para a obtención de axudas con fondos comunitarios.

Destinatarios: Persoal da Administración Local con responsabilidade na xestión de proxectos que puidesen ser obxecto de financiamento con cargo a fondos comunitarios

Programa:

- As axudas europeas para o período 2007-2013.
- Marco estratéxico nacional de Referencia de España 2007-2013.
- Vías da participación local en programas, iniciativas comunitarias, proxectos e instrumentos financeiros da Unión Europea.
- FEDER, FONDO DE COHESIÓN, FONDO SOCIAL EUROPEO, FEADER.

- Controis europeos e nacionais sobre os proxectos.
- Órganos de control europeos e nacionais.

Certificación: Outorgarase certificado de asistencia.

Número de prazas: 35.

Valoración: 0,35 puntos.

Duración: 30 horas lectivas.

Horario: Mañá e tarde.

Lugar impartición: Aulas de Formación Deputación Lugo. Rúa San Marcos, 8. Lugo.

Lugo, 8 de xuño de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 03047

AYUNTAMIENTOS

BARALLA

Anuncio

Polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2010, aprobouse provisionalmente o expediente de modificación do Regulamento para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

Este Regulamento expónse ao público durante o prazo de 30 días hábiles.

No citada prazo, contado a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio, poderán os interesados examinar o expediente nas oficinas municipais, e presentar as reclamacións que se estimen oportunas no rexistro deste Concello, dirixidas ao Pleno.

Si transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente ditos acordos.

Baralla, 4 de xuño de 2010.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 03044

Anuncio

DECRETO NÚMERO 68.- Baralla, 3 de xuño de 2010.

Vista a resolución desta Alcaldía (Decreto número 54) de data 4 de maio de 2010, na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos nas probas selectivas para cubrir como persoal laboral fixo unha praza de traballador/a social, vacante na plantilla municipal.

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes e examinadas as alegacións presentadas durante o prazo sinalado para emendas.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto da Alcaldía o día 3 de marzo de 2010 e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos no citado procedemento selectivo integrada polos seguintes aspirantes:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ OTERO, CRISTINA	33.548.747-G
ARMESTO DOMINGUEZ MARIA LUISA	33.302.552-R
BALBOA LOPEZ, TAMARA	33.545.165-X
BARREIRA GOAS, MARIA XOSE	33.994.205-K
BLACH VERA, ADRIANA ROSA	39.460.214-B
CAAMAÑO LADO, SOFIA	76.970.475-D
CAREMES PAZOS, OLGA VANESA	44.080.293-B
ENGROBA PULIDO, MONICA	77.595.889-F
ESTEVEZ CIMADEVILA, PATRICIA	45.845.441-R
FERNANDEZ MOREIRA, ANA	33.346.956-S
FIGUEROA GUEDE, INMACULADA	34.995.899-L
GONZALEZ PEREZ, LUCIA	33.350.725-N
GUTIERREZ HERRERO, LAURA	71.947.538-L
LUNA MANSILLA, MARIA	71.506.377-K

MARTINEZ MORATO, JORGE	34.984.338-G
MENDEZ CASTRO, MARIA LUZ	36.132.008-C
PARDO VAZQUEZ, MONICA	33.544.937-N
PEREZ PEREIRA, LUZ	36.110.141-A
REGO CALOTO, MARIA DOLORES	76.573.840-D
RODRIGUEZ LOPEZ, OSCAR JOSE	33.541.718-J
SIMAL GANDARA, JOSE	33.267.047-P
SOBRINO BERNALDO DE QUIROS, ANTIA	34.989.441-R
VAZQUEZ LOPEZ, LAURA	45.662.618-M
VILAR PEREZ, SONIA	33.543.926-J

EXCLUÍDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
CAEIRO OLIVEIRA, ESTEFANIA	53.481.291-N	Falta modelo oficial de solicitude

Segundo.- Designar ao Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este Concello para cubrir como persoal laboral fixo unha praza de traballador/a social e que estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D. José Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario - Interventor do Concello de Begonte.

Suplente: D. José Luís Vázquez Méndez, Secretario - Interventor dos Concellos de Guntín e Portomarín.

Vocais:

- D. Julio González Casanova, Secretario - Interventor do Concello de Friol.

Suplente: D. José López González, Secretario - Interventor do Concello de Paradela.

- Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria - Interventora do Concello de Monterroso.

Suplente: D. José López Castro, Secretario - Interventor do Concello de Láncara.

- Dona Margarita Viña Santos, traballadora social do Concello de Portomarín.

Suplente: Dona Clementina Saá Méndez, traballadora social do Concello de Baleira.

Secretario: D^a. Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria - Interventora do Concello de Baralla.

Suplente: D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario - Interventor do Servizo de Asistencia da Deputación Provincial de Lugo.

Terceiro.- Convocar, ao Tribunal cualificador para a súa constitución e baremación de méritos do concurso o día 7 de xullo de 2010 ás 10 horas da mañá no Concello de Baralla.

Cuarto.- Convocar en único chamamento, aos aspirantes admitidos aos efectos da realización da entrevis-

ta curricular, que se desenvolverá a partires das 12:30 horas da mañá do día 7 de xullo de 2010, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Baralla.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou pasaporte.

Quinto.- Comunicar a presente resolución aos membros do Tribunal designados, para o seu coñecemento.

Sexto.- Publicar esta resolución no BOP e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto no BOP.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Manuel J. González Capón e certifico.

Baralla, 7 de xuño de 2010.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 03055

BARREIROS

Intentada a notificación a dona Marcia María Marqués, con número de pasaporte CW108403 de resolución que lle afecta como interesado, e diante da imposibilidade de facer aquela de xeito persoal, procédese á publicación do texto da devandita resolución para o seu coñecemento e ós efectos legais que é do teor literal seguinte:

Visto o disposto nos apartados 7 e 8 da Resolución da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e o Director Xeral de Cooperación Local o 28 de abril de 2005 pola que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre o procedemento para acordar a caducidade das inscricións padronais dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos.

Visto, que se ten intentado en dúas ocasións notificar o preaviso de caducidade da inscrición padronal do estranxeiro non comunitario sen autorización de residencia permanente a DONA MARCIA MARIA MARQUES, con número de pasaporte CW108403, no seu domicilio coñecido de rúa da Praia, n^o 12-4^o, San Cosme de Barreiros, a medio de carta certificada con acuse de recibo, sendo devoltas estas por ausente e descoñecido.

Visto, que o pasado día 03 de abril de 2010, rematou o prazo para efectúa-la renovación da súa inscrición padronal, sen que se teña feito tal renovación.

RESOLVO:

Primeiro.- Acorda-la baixa de dona Marcia María Marqués, por caducidade da inscrición padronal.

Segundo.- Notificar este acordo en legal forma, a dona Marcia María Marqués, indicando que contra ésta poderán interponer recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, ou, directamente o contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, non podendo simultanear ambos-dous.

En Barreiros, a 01 de xuño de 2010.- O ALCALDE, J. Alfonso Fuente Parga.

R. 02980

CASTRO DE REI

Edicto

Neste Concello tramítase expediente de licenza municipal para o "proyecto de puntos limpios de recogida y

acopio de plásticos agrícolas", no lugar de Matodoso e nas parroquias de Ludrio, Santa Locaia e Outeiro. Cumprindo co disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles, co fin de que durante este período -que comezará a contarse desde o día seguinte á última publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia- poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Castro de Rei, 7 de xuño de 2010.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 03054

CERVANTES

Edicto

Habiendo quedado definitivamente aprobado por el Pleno de este Ayuntamiento el presupuesto para el ejercicio económico de 2010, por acuerdo adoptado en sesión celebrada el día 6 de mayo de 2010, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 169.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se hace público que dicho presupuesto asciende, tanto en gastos como en ingresos, a la cuantía de 1.020.127,00 €, correspondiendo a cada capítulo las cantidades que a continuación se expresan, según el siguiente detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.- Gastos de personal	492.719,00
Cap. 2.- Gastos en bienes corrientes y servicios	319.566,00
Cap. 3.- Gastos financieros	91,00
Cap. 4.- Transferencias corrientes	7.551,00
Cap. 6.- Inversiones reales	197.330,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00
Cap. 8.- Activos financieros	0,00
Cap. 9.- Pasivos financieros	2.870,00
Total gastos	1.020.127,00

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1.- Impuestos directos	153.155,00
Cap. 2.- Impuestos indirectos	5.003,00
Cap. 3.- Tasas y otros ingresos	72.450,00
Cap. 4.- Transferencias corrientes	471.814,00
Cap. 5.- Ingresos patrimoniales	2.102,00
Cap. 6.- Enajenación de inversiones reales	4,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	315.598,00
Cap. 8.- Activos financieros	0,00
Cap. 9.- Pasivos financieros	1,00
Total ingresos	1.020.127,00

En la referida sesión, también se acordó aprobar la plantilla de personal de esta Corporación que, de acuerdo con lo que preceptúa el art. 127 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSONAL

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACIÓN	NUMERO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA
Secretaría-Intervención	1	A1/A2	H. N	Secretaría-Interv.
Auxiliar administrativo	2	C2	A.G	Auxiliar

B) PERSONAL LABORAL FIJO: NINGUNO.

C) PERSONAL LABORAL TEMPORAL:

Para el ejercicio 2010, mera estimación de contratos en función de las subvenciones o convenios en aplicación, o que se concreten con otras Administraciones Públicas a lo largo del ejercicio, así como por necesidades puntuales de personal.

PUESTO DE TRABAJO	NÚMERO
Trabajadora social	1
Auxiliares ayuda a domicilio	6
Limpiadoras	4
Agente de empleo y desarrollo local	1
Peones	2
Conductores	2
Tractorista	1
Auxiliar administrativo	1

Contra la aprobación definitiva del presupuesto se podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Contencioso-Administrativo de Lugo, en el plazo de 2 meses que contará desde el día siguiente al de publicar el presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Cervantes, 4 de junio de 2010.- EL ALCALDE-PRESIDENTE, Benigno Gómez Tadín.

R. 03008

CHANTADA

**ANUNCIO EN EL BOLETÍN OFICIAL DE
LA PROVINCIA Y EN EL PERFIL DE CONTRATANTE**

Por acuerdo plenario de fecha 27/05/2010 se ha aprobado la adjudicación definitiva del contrato de obra "edificio municipal de uso cultural en Chantada", financiada por el "Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local", lo que se publica a los efectos del artículo 138 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público:

1. Entidad adjudicadora.
 - a) Organismo: Ayuntamiento de Chantada.
 - b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.
2. Objeto del contrato.
 - a) Descripción del objeto: Obra "edificio municipal de

uso cultural en Chantada".

- b) División por lotes y número: No.
 - c) Lugar de ejecución: Chantada.
 - d) Plazo de ejecución (meses): 7.
3. Tramitación y procedimiento.
- a) Tramitación: Urgente.
 - b) Procedimiento: Abierto.
4. Presupuesto. Importe total: 447.559,00 euros y 71.609,44 euros de IVA.
5. Adjudicación provisional:
- a) Fecha: 5/05/2010
 - b) Contratista: "Antonio Framián, S.L.", CIF: B-36224798.
 - c) Nacionalidad: Española.

d) Importe de adjudicación: 438.563,06 euros y 70.170,09 euros de IVA.

e) Mejoras: Si.

- Reducción del plazo de ejecución de la obra a 7 meses.

- Ampliación del plazo de garantía de las obras a 2 años.

- Compromiso de fomento del empleo con la contratación de trabajadores desempleados según documento anexo I (fomento del empleo).

- Dotación de montacargas, ascensor y mejoras energéticas según las características técnicas del documento anexo II. (Mejoras ofertadas sin coste adicional).

Chantada, 28 de mayo de 2010.- El Alcalde, Manuel Anxo Taboada Rodríguez.

R. 02979

O CORGO

Visto un erro nas bases que rexirán o procedemento selectivo para a selección de persoal laboral temporal e formación dunha bolsa de emprego, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 3 de xuño de 2010. No apartado 3º concurso de méritos punto III AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR onde dí: "Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo a desempeñar (non se valorará máis dun curso con igual contido, ata un máximo de 4 puntos:

De menos de 100 horas: 1.

De máis de 100 horas: 0,5".

Debe dicir:

De menos de 100 horas: 0,5.

De máis de 100 horas: 1.

A referida corrección non modifica os prazos establecidos nas referidas bases.

O Corgo, 2 de xuño de 2010.- O Alcalde, José Antonio Ferreiro González.

R. 03007

FRIOL

Edicto

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 28 de maio de 2010 adoptou o seguinte acordo de iniciación de expediente de investigación:

Incoar expediente de investigación, conforme ao disposto no art. 281 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no art. 4. do Real Decreto 1.372/86 de 13 de xuño (polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais), con respecto aos camiños que figura entre as parcelas 34 e 37-38 do po-

lígono 172 do castastro de rústica de Friol, da parroquia de Rocha.

Ordear a publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia e no tablón de edictos da Corporación durante quince días, así como a súa notificación á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma e aos interesados no expediente, a fin de que poidan alegar por escrito canto estimen conveniente aos seus dereitos ante a Corporación, así como a documentación na que funden as súas alegacións.

Nomear instructor do expediente ao concelleiro don Jesús Julio Cortiña López, advertindo que está suxeito ás causas de abstención e recusación contempladas na Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O que se fai público en cumprimento do establecido no art. 49.1 do Real Decreto 1.372/86, significando que no prazo de un mes, desde que deba darse por rematada a publicación dos anuncios no tablón de edictos do Concello poderán os interesados alegar o que estimen conveniente ante a Corporación.

Friol, a trinta e un de maio de 2010.- O Alcalde, José Antonio Abuín Villar.

Resolución Alcaldía 29.06.2007.

R. 02975

GUITIRIZ

Anuncio

Intentada a notificación persoal e non podéndose practicar, en cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro, faise saber ó Sr. don Manuel González Díaz, que foi iniciado o procedemento para a súa baixa no padrón de habitantes deste Concello, motivo polo que se lle concede un prazo de 15 días hábiles para que se persoe no Concello aos efectos de verificar a súa residencia.

De facer caso omiso a este requerimento, o Concello previo expediente tramitado ao efecto procederá a súa baixa de oficio.

O que se lle comunica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 2 de xuño de 2010.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 02984

Anuncio

Resolución do 19 de maio de 2010 do Concello de Guitiriz pola que se anuncia a oferta de emprego público para o 2010.

Provincia de: Lugo.

Corporación: Guitiriz.

Número de código territorial: 27022.

Oferta de emprego público correspondente ao exercizo 2010 aprobada por Decreto da Alcaldía 180/2010, CONSISTENTE EN:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

1.- Grupo, segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala técnica. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico de Emprego. Código: TAX-03.

2.- Grupo, segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais. Número de vacantes: 1. Denominación Policía Local. Código: SCP-02.

3.- Grupo, segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico de Medio Ambiente. Código: TAE-MA-01.

PERSONAL LABORAL FIXO:

1.- Denominación: Limpiador/a. Agrupación profesional sin titulación. Código LPF-Edificios 01.

2.- Denominación: Peón conductor de servizos. Grupo: C2. Código: PCF-01.

3.- Denominación: Peón conductor de servizos. Grupo C2. Código: PCF-02.

4.- Denominación: Brigada verde-peón. Coordinador. Agrupación profesional sin titulación. Código: BVCF-01. Laboral fixo-discontinuo.

5.- Denominación: Brigada verde-peón. Agrupación profesional sin titulación. Código: BVF-02. Laboral fixo-discontinuo.

6.- Denominación: Brigada verde-peón. Agrupación profesional sin titulación. Código: BVF-03. Laboral fixo-discontinuo.

7.- Denominación: Técnico Medio encargado dirección pedagóxica-PAI. Grupo A2. Código: TMEPAI-F 01.

8.- Denominación: Monitor deportes encargado. Grupo C2. Código: MD-F-01.

9.- Denominación: Limpiador/a. Agrupación profesional sin titulación. Código: LPF-C-Lagostelle 01. Laboral fixo-discontinuo.

PERSONAL LABORAL INDEFINIDO:

1.- Denominación: Educadora familiar. Grupo: A2. Código: EF/LIND-01.

2.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-01.

3.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-02.

4.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-03.

5.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-04.

6.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-05.

7.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-06.

8.- Denominación: Auxiliar Axuda no Fogar. Código: AX-SAF/LIND-07.

Guitiriz, 1 de xuño de 2010.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 02985

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 12 de maio de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DE DEZ PRAZAS PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA (FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL- 10 FEESL04).

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É obxecto deste contrato o concerto de dez prazas, en réxime de atención diúrna, para a atención de persoas da terceira idade residentes no termo municipal de Lugo que, polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria, levando a cabo, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo e técnico de cara a procurar o seu benestar físico, psíquico e/ou social, proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu contorno natural, mentres iso sexa posible e conveniente.

O obxecto céntrase pois en concertar dez prazas nas que se oferten as prestacións propias dos centros de días pertencentes ós servizos sociais do Concello de Lugo, concretándose as devanditas prestacións nos seguintes módulos de atención que aparecen desenvolvidos no prego de prescricións técnicas:

1. MÓDULO DE PRESTACIÓNS SOCIAS.

2. MÓDULO DE ATENCIÓN Á SAÚDE PSICOFÍSICA.

3. MÓDULO DE SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN.

4. MÓDULO DE PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS.

b) Prazo de execución:

O prazo de duración deste contrato é de UN ANO contado desde a súa formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, adoptado con anterioridade ó remate do prazo de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de OITO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato:

1. Para a determinación do prezo tense en conta a prestación do servizo de atención, a manutención e o transporte sendo o prezo unitario mensual por praza de 662,56 euros mensuais máis o IVE (4%) de 26,50 euros polo que o prezo/praza mensual ascende a 689,06 euros IVE incluído.

2.- En consecuencia o valor estimado do contrato para a primeira anualidade tendo en conta as dez prazas concertadas ascende a 79.507,20 euros polo que sumado o importe de IVE (4%) -3.180,28 euros- resulta un total anual de 82.687,48 euros.

Considerando as posibles prórrogas do contrato o valor estimado do contrato ascende a 636.057,60 euros.

5.- Garantías:

a) Provisional: 2.385,21 €.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 8 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 201,76 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 3 de xuño de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 03011

—
Anuncio

En relación co anuncio insertado no BOP núm. 3 o xoves 05-01-2010 relativo á CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCION DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCION DE OBRA, COORDINACION EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMIENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCION DAS OBRAS DE PEONALIZACION E ADECUACION DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS (PROXECTO 09UR3101 URBAN RÚA SAN MARCOS). SELECCIÓN GAÑADOR, por medio deste anuncio rectificase o error cometido na cabeceira de presentación do devandito anuncio, que quedará redactado do seguinte xeito:

